

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 8 de febreiro de 2013

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 08/02/2013.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 08/02/2013.
- III. Encargo de docencia (PDA) dos graos e da titulación de Enxeñaría de Minas para o curso académico 2013-2014.
- IV. Memoria económica e liquidación do orzamento do exercicio 2012.
- V. Composición da Comisión Académica do Master en Tecnoloxías para a Protección do Patrimonio Cultural Inmóble.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 05 minutos na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S.E. de Minas, presidida polo Director, actúa como Secretaria a Subdirectora Xefa de Estudos, Natalia Caparrini Marín, e se tratan os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 20 de decembro de 2012.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 20 de decembro de 2012.

2. Informe do Director.

O director informa sobre:

- ❖ A celebración da fase galega da IV edición da Olimpíada de Xeoloxía na Escola, que vai ter lugar o vindeiro 19 de febreiro coa participación duns 100 alumnos de ESO e Bacharelato de toda Galicia.
- ❖ A edición do libro de Proxectos Fin de Carrera y Prácticas en Empresa dos tres cursos académicos: 2008-2009, 2009-2010 e 2010-2011.
- ❖ A actualización das aulas informáticas: O servidor estará listo para finais de febreiro. Cambiáronse os PC do profesor e os ordenadores antigos cédense á Delegación de Alumnos.
- ❖ A participación da escola como Socio Institucional en ACLUXEGA, o cluster da Xeotermia.
- ❖ A implantación na Universidade do Programa de Prevención de Riscos Laborais. Enviouse un e-mail con información sobre as obrigas do profesorado.

- ❖ O inicio do proceso electoral. O calendario xa foi aprobado. As eleccións serán o 22 de marzo.
- ❖ A adquisición a unha única empresa de todo o material de oficina e funxible a partir do 29 de xaneiro. Solicitarase ás áreas un coordinador encargado das compras ao que se lle asignará un código para a xestión das compras on-line.

3. Aprobación, se procede, do límite de prazas para primeiro curso dos graos impartidos nesta escola, así como do límite de prazas por traslado para o acceso a ditos graos para o curso académico 2013-2014.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar 50 prazas como límite de prazas para primeiro curso dos graos impartidos nesta escola.

Así mesmo apróbase, por asentimento, 10 prazas como límite de prazas por traslado para o acceso a ditos graos para o curso académico 2013-2014, cos mesmos criterios de adxudicación que en anos anteriores, e dicir: terán referencia os alumnos que soliciten o traslado desde un dos dous graos que se imparten nesta Escola, ordenados por nota media do expediente. Logo ordenaranse o resto das solicitudes dos alumnos que veñan doutros graos tamén por nota media do seu expediente de orixe.

4. Aprobación, se procede, do encargo de docencia (PDA) dos graos e da titulación de Enxeñaría de Minas para o curso académico 2013-2014.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar o encargo de docencia (PDA) dos graos e da titulación de Enxeñaría de Minas para o curso académico 2013-2014. Achégase dito documento como anexo III a esta acta.

5. Aprobación, se procede, da memoria económica e liquidación do orzamento do exercicio 2012.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar a memoria económica e liquidación do orzamento do exercicio 2012, e que se achega como anexo IV a esta acta.

6. Aprobación, se procede, da composición da Comisión Académica do Master en Tecnoloxías para a Protección do Patrimonio Cultural Inmóble.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar a nova composición da Comisión Académica do Master en Tecnoloxías para a Protección do Patrimonio Cultural Inmóble, que se achega como anexo V a esta acta.

7. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S.E. de Minas.

Ao non haber ningunha documentación pásase ao seguinte punto na orde do día.

8. Rogos e preguntas.

Intervén Marta Cabeza para preguntar sobre la Normativa de Permanencia. O director respóstalle que aínda non está aprobada, aunque existe un borrador.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 40 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a oito de febreiro de dous mil trece.

Vº e Prace
O Presidente

O Secretario
(por suplencia)

Pedro Arias Sánchez

Natalia Caparrini

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 08/02/2013

ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 08/02/2013

Asistentes Xunta de Escola ordinaria 08/02/2013

PROFESORES	
1.	Presidente: Pedro Arias Sánchez
2.	Secretaria: Natalia Caparrini Marín
3.	Alejano Monge, Leandro
4.	Álvarez Vázquez, Lino José
5.	Cabeza Simó, Marta
6.	García Bastante, Fernando
7.	González Rodríguez, Elena
8.	Lanaja del Busto, José M ^a
9.	Morán González, Jorge
10.	Patino Vilas, David
11.	Pérez Pérez, M ^a Carmen
12.	Taboada Castro, Javier
13.	Vázquez Dorrió, José Benito
14.	Vijande López, Javier
ALUMNOS	
1.	Carrillo Pérez, Rosalía
2.	Casal Echevarría, Alexandre
3.	Castro Filgueira, Uxía
4.	Faro Malvar, Diego
5.	Fernández Rodríguez, David
6.	García Iglesias, Jaime
7.	Gómez Pérez, Gema
8.	González Bello, Marcos
9.	Juncal Rosales, Mariola
10.	López Pereira, Alejandro
11.	Oliveira Aboy, Diego Antonio
12.	Sánchez Pereira, Lucía
13.	Sanmartín Rey, Susana
14.	Vidal Fontenla, Alejandro

Total membros Xunta de Escola :	51
Asistentes	28

Escusan a súa asistencia:

- Elena Alonso Prieto
- Enrique Granada Álvarez
- Eduardo Liz Marzán
- Alfonso Mandado Vázquez
- Enrique Orche García
- Javier Puga Alonso
- M^a Carmen Romo Pérez
- Ángeles Saavedra González

ANEXO III

**Novo Encargo de docencia (PDA) dos graos
e da titulación de Enxeñaría de Minas
para o curso académico 2013-2014.**

ANEXO IV

Memoria económica e liquidación do orzamento do exercicio 2012

MEMORIA ECONÓMICA E LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO 2012

ETS. ENXEÑARÍA MINAS

Introdución:

O importe do presuposto asignado á E.T.S. de Enxeñaría de Minas correspondente ós créditos descentralizados para o exercicio 2012 sumaba inicialmente un total de **64.574,00 €**, se temos en conta que se realizou unha transferencia dende a partida de subministracións e reparacións do Edificio de **24.361,84 €** e que con posterioridade se recibiu o ingreso correspondente ó plan de calidade do Centro por importe de **9.669,55 €** o crédito definitivo alcanzou un total de **98.605,39 €**.

No que atinxe ós créditos para o ano 2012 ó igual que en anos anteriores os Centros reciben financiamento por dúas vías:

- a) O financiamento básico do exercicio: coas mesmas partidas existentes dos capítulos II e VI, manténdose os mesmos importes que no ano 2011 e coa mesma vinculación por artigos que permite que algún concepto excedentario financie ós debedores, manténdose nembargantes a vinculación a nivel de subconceptos no 226.01 “Atencións protocolarias” e na 229.03 “Delegación de alumnos”.
- b) O financiamento condicionado por produción docente: que resultará da distribución por criterios de calidade e que se ingresou na partida 228.02 “Produción docente”

A liquidación global do presuposto é a que se reflicte no cadro final (páx. 4) pasándose seguidamente a analizar por separado os importes aproximados correspondentes ós conceptos principais do gasto.

Concepto 220: Material de oficina

Principais gastos:

Basicamente os gastos principais corresponden a: material de oficina e fotocopias de dirección, área académica, área económica e conserxería, fichas alumnos, papel de exame, material de imprenta para a Semana da Ciencia 2012, encadernacións de actas, material promocional e outros pequenos gastos cun custo aproximado de 15.000 € sendo de destacar este ano a edición do libro dos proxectos fin de carreira e prácticas en empresas da Escola dos cursos 2008-2009, 2009-2010 e 2010-2011 por un importe de 5.075,95 €

Comentario:

Debido a execución contable dispúxose da cantidade de 3.145,50 € desta partida nunha transferencia a partida 482.24 “Bolseiros calidade”.

Na execución final da partida, e xurdindo gastos imprevistos, resultou un saldo negativo de 15.695,82 € que foi sufragado dende a partida de subministracións do Edificio mediante a vinculación do artigo 22.

Subconcepto 221.02: Subministracións de docencia

O concepto 221.02 comprende as subministracións funxibles de docencia relativas ás áreas segundo o reparto que neste concepto se fixo entre as mesmas e que foi aprobado na Xunta de Escola, executándose neste ano 2012 a cantidade de 16.613,92 € o saldo positivo da partida de 685,08 € en virtude da vinculación de créditos axudou a sufragar outras partidas do artigo 22 deficitarias na súa execución segundo se reflicte no cadro da páx. 4.

Concepto 222: “Comunicacións”

Neste exercicio presupostario, e de acordo ós criterios de distribución e normas complementarias de execución dos créditos descentralizados para o ano 2012, estableceuse que o pagamento dos gastos telefónicos xestionaríase de maneira centralizada, en función dun límite de crédito do que disporían as diferentes unidades administrativas para gastos de teléfono. Ó non superar dito límite neste exercicio económico os únicos gastos asumidos por esta partida foron o do consumo telefónico dos móbiles de dirección e da terceira parte do da administradora por un importe aproximado de 1.758,67 € resultando un saldo positivo de 491,33 € que en virtude da vinculación de créditos axudou a sufragar outras partidas do artigo 22 deficitarias na súa execución segundo se reflicte no cadro da páx. 4.

Subconcepto 227.09: “Traballos realizados por outras empresas”

Neste concepto soportáronse os seguintes gastos: limpeza das alfombras de entrada ao edificio por un importe aproximado de 2.000 € imputándose tamén nesta partida uns 3.000 € de desprazamentos como axuda o Cartel des Mines.

Por último compre indicar que o saldo positivo desta partida financiou parte do déficit das partidas do art. 22 en virtude da vinculación de créditos segundo se reflicte no cadro da páx. 4.

Subconcepto 228.02: Conferencias

Imputáronse nesta partida en execución do presuposto os gastos xerados polas conferencias de promoción impartidas nos Institutos de Ensino Medio e Bacharelato e tamén algún dos traballos de colaboración na Semana da Ciencia 2012 para a divulgación da titulación por un importe aproximado de 6.700 € euros resultando un saldo negativo de 5.361,26 € que en virtude da vinculación por artigos financiouse dende a partida de subministracións do Centro.

Concepto 229.04: “Prácticas de campo”

Imputáronse por un importe total de 5.670 € todos os gastos xerados polos transportes das practicas de campo, de tódalas titulacións existentes no centro e debidamente autorizadas, resultando un saldo negativo de 810 € que como noutras partidas financiouse dende a partida subministracións do Centro en virtude da vinculación por artigos.

Concepto 230: Indemnizacións por razón de servizo

Imputáronse dietas e gastos de locomoción da dirección do Centro por importe de 2.493,31 € resultando na execución desta partida un saldo positivo de 206,69 €

Concepto 280.02: Producción docente

Este concepto foi dotado no ano 2012 con 9.669,55 € seguindo os criterios de calidade docente e aplicando ós índices definidos nas normas de execución do presuposto, imputándose os seguintes gastos: adquisición de diverso material promocional da escola (bolsas, camisetas, lanternas, caramelos, etc.) por un importe aproximado de 5.300 €, gastos xerados pola conmemoración do XX aniversario da titulación por un importe de 1.185 €, aportación de 500 € para a habitual colaboración co Foro Tecnolóxico e varias colaboracións na Semana da Ciencia 2012 por importe duns 2.000 €

Concepto 482.24: Bolseiros programa de calidade

Esta partida foi dotada cunha transferencia de crédito por importe de 3.145,50 € que foron executados na súa totalidade na retribución dos dous bolseiros colaboradores durante o ano 2012.

Concepto 625: Mobiliario e equipamento

Neste concepto inclúense os gastos con destino ós investimentos que van entrar por primeira vez en funcionamento como mobiliario en xeral, equipos de oficina, equipos informáticos, equipos audiovisuais, software etc., priorizándose este ano a adquisición e instalación dos equipos necesarios para a primeira fase da virtualización das aulas informáticas do Centro cun custo total de 18.400 € o que fixo que a dotación inicial da partida fora insuficiente realizándose una transferencia de crédito por importe de 4.000 €

NOTA: Nos días previos á aprobación da presente memoria pola Xunta de Escola pódense os listados pormenorizados de todos os gastos realizados no Negociado de Asuntos Xerais do Centro.

LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO 2012

CRÉD. DEFINIT. GASTADO COMPROMETIDO DISPONIBLE

CAP. II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS

Vinculantes a nivel de artigo

Art. 22.- Material, subministracións e outros

220	Material de oficina	7.654,50	23.350,32	0,00	-15.695,82
221.01	Subministros administrativos	20.361,84	0,00	0,00	20.361,84
221.02	Subministros docentes	17.299,00	16.613,92	0,00	685,08
222	Comunicacións	2.250,00	958,67	800,00	491,33
223	Transportes	0,00	0,00	0,00	0,00
227.09	Traballos realizados por outros	5.400,00	5.071,17	0,00	328,83
229.04	Practicás de campo	4.860,00	5.670,00	0,00	-810,00
228.02	Conferencias	1.350,00	6.711,26	0,00	-5.361,26
Total vinculante artigo 22:		59.175,34	58.375,34	800,00	0,00

Art. 23.- Indemnizacións por razón de servizo

230	Indemnizacións por razón de servizo	2.700,00	2.493,31	0,00	206,69
Total vinculante artigo 23:		2.700,00	2.493,31	0,00	206,69

Vinculantes a nivel de subconcepto

226.01	Atencións protocolarias	2.715,00	2.715,00	0,00	0,00
229.03	Delegación de alumnos	2.800,00	2.800,00	0,00	0,00
280.02	Producción docente	9.669,55	9.669,55	0,00	0,00
TOTAL CAPÍTULO II:		77.059,89	76.053,20	800,00	206,69

CAP. IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES

482.11	Bolseiros colaboradores	3.145,50	3.145,10	0,00	0,40
TOTAL CAPÍTULO IV:		3.145,50	3.145,10	0,00	0,40

CAP. VI.- INVESTIMENTOS

Art. 62:- Inversións asociadas ao funcionamento dos servizos

625	Mobiliario e equipamento	18.400,00	18.400,00	0,00	0,00
TOTAL CAPÍTULO VI:		18.400,00	18.400,00	0,00	0,00

TOTAL CAPÍTULOS II, IV E VI:		98.605,39	97.598,30	800,00	207,09
-------------------------------------	--	------------------	------------------	---------------	---------------

ANEXO V

Composición da Comisión Académica do Master en Tecnoloxías para a Protección do Patrimonio Cultural Inmóble